



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 13 DE FEBREIRO DE 2017

Na casa do Concello de Ferrol, sendo as dezoito horas do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Mugardos: Pilar Díaz Otero, Alcaldesa.
- Concello de Narón: Marián Ferreiro Díaz, representante do Concello de Narón.
- Concello de Neda: Angel Álvaro Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Roel Hernández-Serrano, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación se procede de actas de sesións anteriores.

Por unanimidade das persoas asistentes apróbase a actas da sesión de 12 de decembro de 2016.

2. Proposta de actuacións contra a vespa velutina (intervención de Rafael Díaz Nieto, Responsable Comarcal da Asociación Galega de Apicultura).

Recíbese a Rafael Díaz Nieto, Responsable Comarcal da Asociación Galega de Apicultura (AGA), xunto con outro membro desta entidade. Rafael Díaz Nieto explica a problemática da vespa velutina e a proposta remitida aos membros do Pleno.

Escoitada a exposición, ten lugar unha deliberación na que se informa do labor que realizan os concellos nesta materia e se incide en que non se trata dunha competencia municipal.

O Presidente agradece en nome do Pleno a asistencia dos representantes de AGA, que a continuación se retiran da sala de reunións.

O Pleno retoma a deliberación á vista da proposta presentada por AGA, e finalmente acórdase que a través da xerencia da Mancomunidad se soliciten orzamentos para a compra de atraentes da vespa velutina, considerando distintas posibles cantidades, se ben sería cada concello o que realizaría directamente a compra.

3. Presentación de informe de cumprimento de prazos da Lei 15/2010 do cuarto trimestre de 2016.

Queda presentado o informe.

4. Subvencións da Axencia Turismo de Galicia e Convenio 2017-2018.

4.1. Axudas para a contratación de persoal nas oficinas de turismo.

O Xerente informa en primeiro lugar sobre as axudas da Axencia Turismo de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, tralo cal acórdase que sexa preparada unha



solicitude a esta convocatoria.

4.2. Axudas para a accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos.

En segundo lugar o xerente informa das axudas da Axencia Turismo de Galicia para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O xerente entrega un esquema coas principais características da convocatoria, e indica que estas Axudas comprenden tanto investimentos materiais como aplicacións informáticas, e que no primeiro caso precisamos dispoñer dos proxectos e permisos pertinentes.

O alcalde de Valdoviño propón que a subvención se destine á dotación de aseos de tempada trasladables, que por ser elementos móbiles non deberían depender da obtención de permisos, a partir dun proxecto elaborado para o concello de Valdoviño.

O alcalde de Ares propón, no caso das aplicacións informáticas, que se cree unha aplicación para interpretar a fachada marítima dende os barcos e poder realizar o Camiño a San Andrés polas Rías Altas.

O Xerente indica que o proxecto proposto por Ares se podería incluír no Convenio que anualmente se asina coa Axencia Turismo de Galicia, de forma que a subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización se aproveitaría para o investimento proposto polo alcalde de Valdoviño.

Finalmente, por unanimidade das persoas asistentes acordase preparar unha solicitude para a dotación dun aseo de tempada por concello, 9 en total, ao abeiro da convocatoria de axudas para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos.

4.3. Convenio 2017-2018

O Xerente informa de que por parte da Xunta existe a previsión de que o próximo convenio coa Axencia Turismo de Galicia teña carácter bienal e permita desenvolver as actuacións de promoción turística entre os anos 2017 e 2018.

5. Subvencións do Fondo de Compensación Ambiental.

O xerente informa sobre a Orde do 30 de decembro de 2016 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia pola que se regulan as axudas do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017.

En relación cos gastos de funcionamento cubertos por esta convocatoria, o Xerente propón que se solicite unha subvención para o servizo de xestión de residuos voluminosos, en vista da conveniencia e bo resultado en convocatorias anteriores da mesma axuda.

En relación cos investimentos, o xerente explica as esixencias das bases en relación coa dispoñibilidade dos terreos e permisos necesarios, e que, no caso de que se solicite, o proxecto de investimento debe superar en importe aos gastos de funcionamento, polo cal non resulta fácil identificar un proxecto de investimento que compense solicitar a esta convocatoria.

Por outra banda, o alcalde de Ares informa de que existe unha proposta conxunta co concello de Mugar dos.

O xerente explica que as bases impiden que un concello participe simultaneamente en dúas solicitudes conxuntas, por exemplo cun concello veciño por unha banda e coa Mancomunidade por outra.

Finalmente, acórdase que se preparará unha solicitude á convocatoria de axudas do



Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017 destinada aos gastos de funcionamento do servizo de xestión de residuos voluminosos.

6. Seguimento e impulso de servizos e proxectos.

Dáse conta da proposta definitiva de EMALCSA e da resolución do Presidente da Mancomunidade de 13 de febreiro de 2017 pola que se acorda adjudicar a EMALCSA o servizo de asesoramento e asistencia técnica para o diagnóstico e planificación da xestión do sistema de saneamento e depuración da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, polo importe de 21.780,00 €.

Así mesmo, preséntase ao Pleno o informe da comisión técnica sobre as ofertas presentadas para a realización dunha diagnose do servizo de recollida de residuos nos concellos da Mancomunidade.

7. Rogos e preguntas

A proposta do alcalde de Ares, acórdase realizar unha invitación aos 21 concellos que forman o xeodestino Ferrolterra-Rías Altas xunto ao concello de Miño, é dicir, a todos os concellos do ámbito territorial da Asociación Seitura 22, a adherirse á Mancomunidade. A invitación realizarase mediante unha carta cuxa redacción se aprobará entre os membros da Mancomunidade por correo electrónico.

En segundo lugar, o alcalde de Ares propón que a Mancomunidade se desenvolva no ámbito do emprego, mediante a creación dun programa de emprego ou dun centro de emprego mancomunado.

O xerente informa das actividades realizadas no eido do emprego ata a data e propón trasladar esta iniciativa ao grupo de traballo dos técnicos de emprego dos concellos da Mancomunidade para concretar propostas.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezanove horas e dez minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández



O Secretario da Mancomunidade

Asdo: Leopoldo Moure García

